

EXPTE: 22/2016 – ENTIDADE LOCAL: “PÓLIZAS DE SEGUROS EN DISTINTOS RAMOS PARA GARANTIR OS RISCOS E CONTINXENCIAS DERIVADOS OU VINCULADOS Á ACTIVIDADE DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”

ASUNTO: ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Completada a tramitación do procedemento aberto para a contratación das **“PÓLIZAS DE SEGUROS EN DISTINTOS RAMOS PARA GARANTIR OS RISCOS E CONTINXENCIAS DERIVADOS OU VINCULADOS Á ACTIVIDADE DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”**, coa presentación da documentación reflectida na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este contrato, requirida ao licitador proposto para a adxudicación deste contrato, pola Mesa de Contratación en sesión de data 14 de decembro de 2016, e á vista da fiscalización favorable/positiva da Intervención Municipal de data 14 de decembro de 2016, esta Alcaldía **RESOLVE:**



1º) Adxudicar o contrato do servizo das “PÓLIZAS DE SEGUROS EN DISTINTOS RAMOS PARA GARANTIR OS RISCOS E CONTINXENCIAS DERIVADOS OU VINCULADOS Á ACTIVIDADE DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO” á mercantil “NORTE BROKER, SL”, POLO PREZO TOTAL DE CENTO CINCUENTA E UN MIL EUROS (151.000,00 euros), POLOS DOUS ANOS QUE DURA O CONTRATO facéndose constar que este servizo está exento do Imposto de Valor Engadido, o que supón unha baixa respecto ao orzamento máximo de licitación (185.500,00 euros) de TRINTA E CATRO MIL CINCCOCENTOS EUROS (34.500,00 €).

A presente adxudicación será conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao de prescricións técnicas polo que se rixe esta contratación, e a oferta presentada polo adxudicatario, debendo procederse a formalización do contrato en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, conforme o sinalado na **cláusula 17ª** do prego.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación unicamente se presentou unha plica, que foi a presentada pola mercantil Norte Broker SL, sendo admitida, e á que a Mesa de contratación en sesión celebrada o 14 de decembro de 2016 lle outorgou a

seguinte puntuación, de acordo co informe emitido o 7 de decembro de 2016 polo Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal Don Gabriel Rodríguez Alonso sobre a documentación incluída no sobre "B" da proposición, respecto ao criterio subxectivo, dependente de xuízo de valor e recollido na cláusula 9 do prego, que sinala a valoración do Plan de incremento de garantías e o Plan de xestión de sinistros.

Plica núm. UN: Presentada por Don Álvaro Luis Rodríguez Losada, en representación da persoa xurídica "Norte Broker, S.L.". A puntuación outorgada para o incremento das garantías (ata 15 puntos) é de **10,00 puntos**, e a puntuación que se lle otorgou polo plan de xestión do sinistro (ata 5 puntos) é de **2,00 puntos**. Obtendo así un total de **12,00 puntos**.

A esta puntuación a Mesa de Contratación en sesión celebrada o 14 de decembro de 2016, lle outorgou á documentación contida no sobre "C" (Oferta económica) da plica presentada e admitida, a puntuación de **59,51 puntos**, dado que o prezo ofertado para o ano 2017 é de 75.000,00 euros e para o ano 2018 é de 76.000,00 euros, resultando un prezo total ofertado para os dous anos de 151.000,00 euros, reflectíndose unha baixa respecto ao orzamento máximo de licitación (185.500,00 euros) de 34.500,00 euros. Puntuación resultante despois de efectuar os cálculos aritméticos, de acordo co sinalado na cláusula 10ª do Prego respectivo que rexe este contrato deixando constancia de que o prezo do contrato igual ou inferior a 46.375,00 euros considerárase baixa temeraria ou desproporcionada.

Sumadas as puntuación do sobre "B" e "C", a Mesa en sesión do día 14 de decembro de 2016, lle outorgou á plica presentada e admitida, a puntuación total de **71,51 puntos**.



3º) Aprobar o gasto, con cargo ás partidas orzamentarias 22400 Primas de seguros 171.01, 170.04, 165.00, 136.01, 134.01 e 132.01 do Orzamento Separado da "Entidade Local" e 231.02, 231.03, 231.06, 321.07, 330.04, 338.00 e 342.10 do Presuposto Separado do O.A Terra de Sanxenxo, de acordo coa fiscalización da Intervención Municipal de data 14 de decembro de 2016 da fase "D" do expediente, por un importe de 75.000,00 euros respecto o ano 2016 e para o ano 2018 76.000,00 euros, Consecuentemente este gasto terase en conta nos vindeiros exercicios, para o vindeiros Orzamentos do ano 2017 e 2018.

4º) Notificar esta resolución ao licitador presentado a este procedemento de contratación. "//////"-----

Dada en Sanxenxo a trinta de decembro de dous mil dezaseis.

O alcalde

ante min, o secretario accidental


Gonzalo Gonzalo Pita
Celestino Otero Camiña